

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 8 DE MAIO DE 2014

LICENZAS

LIC/424/2009.- MERCEDES SUAREZ GALANTE.- Conceder a licenza de obra para demolición na Rúa de Santa Cristina, 19.

3.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre actividades económicas.

Concédense os devanditos beneficios.

52.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa ao nomeamento de representante municipal na Comisión de Escolarización para o curso 2014-2015.

A XGL aprobou que a Concelleira de Educación sexa a representante municipal na Comisión de escolarización para o curso 2014-2015 co que se da cumprimento á normativa vixente sobre a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos.

53.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión do Estadio municipal de San Lázaro á Federación Galega de Fútbol para o desenvolvemento das finais do torneo de seleccións comarcais de fútbol alevín.

Á vista da solicitude da Federación Galega de Fútbol e a proposta do Concelleiro de Deportes a XGL aprobou á concesión do Estadio municipal de San Lázaro á Federación Galega de Fútbol para o desenvolvemento das finais do torneo de seleccións comarcais de fútbol alevín de forma gratuita para o 11 de maio, data na que se celebrará este evento. Autorízase tamén a que establezan un servizo de bar e a instalación de publicidade durante o evento.

54.- Proposta do director de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á participación do Concello de Santiago de Compostela no Plan "DTC 93. Unha deputación para todos os concellos" da Deputación Provincial de A Coruña (DTC93).

Apróbase a proposta do director de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á participación do Concello de Santiago de Compostela no Plan "DTC 93 a través do cal se propón que se aproben as seguintes obras para seren financiadas por este Plan:

-Repavimentación da Avda de Vilagarcía, cun orzamento de 496.733,51 € e cun prazo de execución de 8 meses.

-Reurbanización do Camiño da Raxeira, cun orzamento de 199.523,71 € e cun prazo de dous meses.

-Reforzo de firme na vía pública a Avieira (Cesar), cun orzamento de 54.844,95 €

-E a aprobación dun proxecto complementario que é o de Mellora da seguridade vial na rúa da Cañoteira cun orzamento de 192.534,69 € e con un prazo de execución de catro semanas.

56.- Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Fundación Eugenio Granell para o ano 2014.

Deuse conta da sinatura deste convenio que permitirá que o Concello aporte á Fundación Granell unha achega de 126.000 € o que permitirá o obxecto do mesmo tales como a colaboración no mantemento da Fundación e a realización de diversas actividades da mesma sendo as prioritarias as diferentes actividades culturais levadas a cabo pola Fundación.

URXENCIAS

1.-Proposta da Concelleira de Normalización Lingüística.

Aprobouse a proposta para solicitar unha subvención das establecidas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística mediante a cal se poderán levar a cabo diferentes accións dende o Concello en relación coa lingua tales como:

-Letras Galegas, I Concurso de video-creación para centros de ensino, Conto viaxeiro ou o II Concurso de proxectos de publicidade commercial. A subvención solicitada ascende a 12.000 €.

2.-Proposta da Concelleira de Desenvolvemento Sostible.

Mediante esta proposta a XGL aprobou adxudicar as obras do proxecto complementario da urbanización do Polígono A do SUNP-6, San Lázaro á empresa CYS Hispania S.L. por un importe de 144.670,81 €. Esta obra tiña un presuposto de licitación de 205.898,97 €.

O prazo de execución será de 4 meses.

3.-Proposta do Concelleiro de alumeadado público.

Coa aprobación desta proposta dase cumprimento ao establecido no contrato de alumeadado público en relación ao canon que queda establecido en 823.616,45 € ata marzo de 2014 e de 823.792,45 € a partir de abril, IVE engadido. Tamén a cantidade fixa para arranxos da rede de alumeadado que queda establecida en 150.000 €.

4.-Proposta da Concelleira de Desenvolvemento Urbano e Sostible.

A proposta da Concelleira de Desenvolvemento Urbano e Sostible a XGL aprobou adxudicar a obra do Centro Cívico no Romaño-Vista Alegre, incluídas no Programa Urbana Santiago Norte, á empresa F.GÓMEZ Y CÍA S.L. por un importe de 763.799,99 € IVE incluído. Este proxecto tiña un orzamento de licitación de 937.750 € IVE incluído. O prazo de execución desta obra é de 10 meses. Presentáronse 13 empresas.

5.-Concesión dunha licenza de obra.

A XGL aprobou conceder unha licenza de obra para a ampliación e reconstrución dunha vivenda unifamiliar na Peregrina a favor de D. Isolino García Cebro, establecéndose a condición de que dita obra se execute simultaneamente coa urbanización do fronte da parcela.

6.-Proposta da Concelleira de Economía.

Á vista do informe do Axente de Desenvolvemento Local, a XGL a proposta da Concelleira de Economía aprobou apoiar economicamente a iniciativa empresarial presentada por Dna. María Rosalía Dorado Pardo denominada MUJER DC-INCEPTUM Iniciativas de comunicación, a través da liña de axudas á Creación de Empresas Santiago Investors Support para o financiamento do seu gasto corrente. Ata un máximo de 5.000 euros.